



16 PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	Concello de Vigo. CIF P3605700H
DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS	dpd.vigo@vigo.org
FINALIDADE DO TRATAMENTO	- Xestión administrativa das altas, baixas, cambios de domicilio, modificación de datos persoais/territoriais, renovacións, confirmacións. Acreditación da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. Certificacións e volantes. Función estatística pública.
BASE LEXITIMACIÓN RGPD	<p>Art. 6.1.c) RGPD- O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: A base legal para o tratamento atópase na obrigaón de inscrición no Padrón establecida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (art. 15.1).</p> <p>Art. 6.1.e) RGPD- O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.</p> <p>Art. 6.1.f) RGPD-O tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro, sempre que sobre os devanditos intereses non prevezan os intereses ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran a protección de datos persoais, en particular cando o interesado sexa un neno. O disposto na letra f) do parágrafo primeiro non será de aplicación ao tratamento realizado polas autoridades públicas no exercicio das súas funcións.</p> <p>Art. 9.2.c) RGPD- O tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física, no caso de que o interesado non estea capacitado, física ou xuridicamente, para dar o seu consentimento.</p> <p>Outra normativa: Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (art. 54.1) Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.</p>
CONSERVACIÓN	<p>Os datos conservanse por tempo indefinido mentres subsista o valor probatorio da situación de empadramento, a fin de acreditar a veciñanza presente e pasada mediante a expedición de certificacións de todo o historial de empadramento. Aínda que se produza a baixa do Padrón, os datos conservanse a efectos d a efectos históricos, estatísticos e científicos. Fin de arquivo de interese público. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.</p> <p>Os datos non se utilizarán para a elaboración de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.</p>
INTERESADOS	Cidadáns e residentes.
CATEGORÍAS DATOS PERSOAIS	Nome e Apelidos, DNI, NIF, NIE, Pasaporte, nº S.S., Tarxeta sanitaria, Enderezo (postal ou electrónico), Teléfono (fixo ou móbil), Imaxe, Marca física, Pegada dixital, Sinatura, Sinatura electrónica, Características persoais (estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento, lingua materna), Circunstancias sociais



	<p>(características de aloxamento, vivenda, situación militar, propiedades, posesións, afeccións e estilo de vida, pertenza a clubs, asociacións, licenzas, permisos, autorizacións), Datos académicos e profesionais (formación, titulacións, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociacións profesionais).</p>
<p>CESIÓNS DE DATOS</p>	<p>Os datos do Padrón municipal cederanse a outras Administracións Públicas que o soliciten sen consentimento previo do afectado soamente cando lles sexan necesarios para o exercicio das súas respectivas competencias, e exclusivamente para asuntos nos que a residencia ou o domicilio sexan datos relevantes. Tamén poden servir para elaborar estatísticas oficiais sometidas ao segredo estatístico. Así mesmo, cando se cumpra algunha das condicións para a licitude do tratamento previstas no art. 6.1 RGPD (art. 16.3 Lei 7/1985).</p> <p>En particular, datos poderanse comunicar nos supostos legalmente previstos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instituto Nacional de Estatística, para a coordinación entre padróns municipais -Consello de Empadramento, para informe sobre altas e baixas de oficio -Oficina do Censo Electoral, para a actualización do Censo Electoral -Outros órganos da Administración Local, no exercicio das súas competencias -Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, para investigación policial -Xulgados e Tribunais, para o exercicio das funcións que teñen atribuídas -Boletín Oficial do Estado, para a práctica de notificacións nos termos da DA7ª da LOPD.
<p>TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS</p>	<p>Non están previstas transferencias internacionais de datos.</p>